

# Pedr'Amigo de Sevilha

## Un poeta betanceiro na corte de Alfonso X

XOSE RAMON PENA \*

**E** opinión aceptada por todos os eruditos e estudiosos que a corte de D. Afonso X de Catela e León representou, na Península Ibérica do Século XIII, un dos maiores e mellores obradoiros de cultura de toda Europa medieval. E concordan aínda os críticos en afirmaren que no palacio do Rei Sabio, con el como co-protagonista e mentor, é acaso onde mellor se desenvolveuse ese período lírico que sempre nos asombra e que sempre nos devolve un novo e segredo verso; unha maxia dos cantares de amor e de amigo, de escarnio e de mal dizer fresca e lixeira ao pe dos nosos días.

Pois ben; por aquel Toledo, gobernando da man de Afonso X, de entre 1252 e 1284, pasearon as súas aventuras e desventuras, as súas gracias e desgracias, a súa sorte e talento dous betanceiros ben diferentes, desde logo, pero unidos para os séculos polo engado dos poemas que ata nós traen, puntualmente, os códices da Ajuda, da Vaticana, de Berkely e da Biblioteca Nacional de Lisboa.

De *María Balteira, soldadeira* cantada por xograis, segreis e trobadores teremos tal vez noutro *Anuario* lugar e espacio para nos ocupar. Imos agora, nas liñas que seguen, facelo con ese outro alguén que a coñeceu e que a contou —como outros moitos—. Trátase dun crego, que na bisbarra ou na cidade betanceira naceu aló, seguramente, polos anos trinta do 1200. Os documentos ata agora achados e estudiados, os cancioneiros, en fin, revélanos o seu nome e apelidos: *Pedr'Amigo de Sevilha*. E aínda que o nome da cidade andaluza poia levar a confusións, de primeiras, cómpre aclarar que o noso poeta non veu ao mundo nas beiras do Guadalquivir, senón, antes ben, nas do Mandeo ou nas da Cangrixeira.

Editado o seu cancionero individual pola profesora italiana Giovanna Marroni, sabemos a través de probas documentais da orixe betanceira de *Pedr'Amigo*. Sabemos igualmente que se trata dun crego de boa linaxe e que, ademais, fixo fortuna ao longo da súa vida. Sabemos aínda que exerceu o seu ministerio en San Tirso de Ambroa, por volta de 1265. Dez anos máis tarde era xa coengo da catedral de Oviedo. En 1289 mudou para Salamanca, e, en 1302, outorga testamento. Entre todas estas datas *Pedr'Amigo* debeu coñecer tamén as beiras do vello Betis, tirando da cidade que baña, a alcuña coa que pasou á historia.

Compañeiro, pois, do mesmo rei Afonso X, o betanceiro resulta selo tamén doutros xograis, segreis e trobadores situados nesta altura do século XIII. Así, nos cancioneiros, tensoa con Joan Baveca, Vasco Pérez Pardal... ataca a Pedro d'Ambroa e discute aínda con Joan Vasquez.

En contacto, daquela, cos poetas alfonsinos, situámolo na altura de Pero García Burgalés, Pero Mafaldo, Estevan Faian, Lourenço, Joan Garcia de Guilhade e Juião Bolseiro.

Os cancioneiros da Vaticana e da Biblioteca Nacional conservan un total de 37 composicións da súa autoría. Sen embargo —e dado que a obra non aparece toda xunta nos cancioneiros, senón dividida en catro blocos— cabe supor que poidamos engadir aínda algún texto máis a eses trinta e sete sinalados. En todo caso, os que agora coñecemos como seus presentan 4 composicións de *amor*, 1 *pastorela*, 11 cantigas de *amigo*, 18 composicións de *escarnio e mal dizer* e aínda 3 *tensóns*.

De todas elas, as de *amor* resultan, se cadra, demasiado obrigadas aos tópicos do xénero (incidencia monótona no tema da *coita* ou dor de amor que o poeta sente ao non conseguir os favores da dama por el cantada). Pero as composicións de *escarnio*, e, especialmente, as de *amigo* sitúan ao betanceiro entre os mellores cultivadores de entre os 153 poetas coñecidos, dos que a obra nos é transmitida ata hoxe.

Valor especial, sen embargo, presenta a única *pastorela* que reúne, para alén da súa maravilla poética, a condición de ser tamén a única composición en se definir a si mesma como tal, ao longo dos 1680 textos que os cancioneiros conservan. Vexámola:

(\* Xosé Ramón Pena é betanceiro, aínda que vive actualmente en Vigo onde é profesor de Língua e Literatura galega no Instituto «Santa Irene». É licenciado en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago. Ten diversos libros e traballos publicados relativos á Historia da Literatura Galega e tamén como creador literario. Foi gañador no ano 1987 do Premio Xerais de Novela pola obra titulada «Para despois do adeus».

*Quand'eu um dia fui em Compostela  
em romaria, vi ùa pastor  
que, pois fui nado, nunca vi tam bela,  
nem vi outra que falasse melhor  
e mandei-lhi logo seu amor  
e fiz por ela esta pastorela.*

*Dixi-lh'eu logo. —Fremosa doncela,  
queredes vós mim por entendedor (1),  
que vos darei boas toucas d'Estela (2)  
e boas cintas de Rocamador (3)  
e d'outras doas (4), a vosso sabor (5)  
e fremoso pano pera gonela (6)?*

*E ela disse: —Eu nom vos queria  
por entendedor, ca nunca vos vi,  
se nom agora, nem vos filharia (7)  
doas, que sei eu que nom som pera mi,  
pero cuid'eu, se as filhass'asi,  
que tal á no mudo a que pesaria (8)*

*E, se vëess'outra, que lhi diria,  
se me dissesse: —Ca per vós perdi  
meu amigu'e doas que me tragia?  
Eu nom sei rem (9) que lhi dissess'ali;  
se nom foss'esto de que me tem'i,  
nom vos dig'ora que o nom faria (10).*

*Dix'eu: —Pastor, sodes bem razõada,  
e pero creede, se vos nom pesar,  
que nom est oj'outra no mundo nada,  
se vós nom sodes, que eu saiba amar,  
e por aquesto vos venho rogar  
que eu seja voss'ome esta vegada (11)*

*E diss'ela como bem ensinada:  
—Por entendedor vos quero filhar  
e pois for a romaria acabada,  
qui, d'u sãõ natural, do Sar, (12)  
cuido-m'eu, se me queredes levar,  
ir-me'i vosqu'e fico vossa pagada (13).*

A composición, a *pastorela* presenta aqueles aspectos que determinan, pois, a pertenza a este xénero, tan querido polos trobadores provençais: diálogo entre un cabaleiro e unha pastora; tensión entre ambos, coa promesa de regalos por parte del e, finalmente, solución feliz.

Segundo o grande estudioso portugués M. Rodrigues Lapa, nas cantigas de *amigo*, e aínda nas de escarnio, Pedr'Amigo de Sevilha mostra unha técnica perfecta. Para concluírnos esta breve aproximación nada mellor que un exemplo de cada caso. A primeira das dúas composicións pertence ao grupo de *amigo*. A segunda é unha cantiga de *mal dizer*, e nela Pedr'Amigo ataca, sen piedade, á súa paisana María Balteira, Velaquí ambas:

- (1) Por amante
- (2) Toucas, vestidos moi apreciados
- (3) Id.
- (4) Regalos
- (5) Ao voso gusto
- (6) Para que fagades un manto
- (7) Aceptaría
- (8) «Creo que vós sodes noivo doutra muller, e se eu aceptase os vosos regalos —e ela o chegase a saber— sufriría»
- (9) «Non sei que lle podería contar»
- (10) «Mais se non fose por isto que vos digo, aceptaríaa as vosas propostas»
- (11) «Que eu sexa, desta vez, o voso amante»
- (12) «Despois que acabe a romaría»
- (13) Aceptaré as vosas propostas de amor e os vosos regalos

BIBL  
LAPA/  
MAR  
NUN  
PEN/  
TAV,

(14)  
(15)  
(16)  
(17)  
(18)  
(19)  
(20)  
(21)  
(22)  
(23)  
(24)  
(25)  
(26)  
(27)

Moir'amiga, desejando  
meu amigu, e vos no vosso  
mi falades (14), e nom posso  
estar sempr'em esto falando  
mais queredes falar migo?  
Falemos no meu amigo (15)

Queredes que todavia  
eno voss'amigo fale  
vosqu'(16), e se nom que me cale  
e nom poss'eu cada dia;  
mais queredes falar migo?  
Falemos no meu amigo

Amiga, sempre queredes  
que fale vosqu'e falades  
no voss'amigu'e cuidades  
que poss'eu; nom o cuidades;  
mais queredes falar migo?  
Falemos no meu amigo

Nom avedes d'al coidado (17)  
sol que eu vosco bem diga (18)  
de voss'amigu'e, amiga  
nom poss'eu nem é guisado (19)  
mais queredes falar migo?  
Falemos no meu amigo.

Pero Ordonhez, torp'e desenbrado (20)  
vej'eu um home que vem da fronteira  
e pergunta por Maria Balteira  
Per'Ordonhez, e semelha guisado (21)  
d'aquest'ome que tal pergunta faz,  
Per'Ordonhez, de semelhar rapaz  
ou algum home de pouco recado? (22)

Pero Ordonhez, torp'e enganado  
mi semelha e fora da craveira (23)  
quem pergunta por ùa soldadeira  
e nom pergunta por al mais guisado (24)  
e, Pero Ordonhez, mui chèo de mal  
mi semelha e torp'est'om'atal,  
Pero Ordonhez, que m'á preguntado.

E, Pero Ordonhez nom preguntaria  
por esto se algũa cousa rem valesse (25)  
aquest'omem e se o bem conhecesse;  
Pero Ordonhez, fez mui gram bavequia (26)  
aquest'omem que tal pergunta fez;  
Per'Ordonhez, se foss'algũa vez,  
per-torp'e fora direito seria (27)

#### BIBLIOGRAFIA BASICA

- LAPA, M. Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer...*, Ed. Galaxia, Vigo, 1970.  
LAPA, M. Rodrigues, *Lições de lit. portuguesa*, (9ª ed.), Coimbra Ed., 1977.  
MARRONI, Giovanna, «Le poesie di Pedr'Amigo de Sevilha» en *Annali dell' Instituto Universitario Orientale*, Nápoles, 1968.  
NUNES, J.J., *Cantigas d'amigo...* (3 vols.), Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1973.  
PENA, X. Ramón, *A literatura galega medieval* (2 vols.), Ed. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.  
TAVANI, Giuseppe, *A poesia lirica galego-portuguesa*, Ed. Galaxia, Vigo, 1986.

- (14) «Vós sempre me falades do voso amigo (=noivo, amante)  
(15) Falemos do meu amigo; do meu noivo  
(16) Convosco  
(17) Non vos preocupa outra cousa a non ser esta  
(18) A non ser que eu fale do que vós queredes  
(19) Xusto; conveniente  
(20) Hipócrita; falso  
(21) Parece apropiado  
(22) De pouco axirio; de pouco sentidoño  
(23) Coa cabeza aos paxaros  
(24) Oportuno; decente  
(25) Se valesse para algo; se fose un home de «peso»  
(26) Idiotéz  
(27) Privado de axirio; Privado de sentido común

## UN PREMIO MERECIDO

**N**a IV edición do Premio «XERAIS» de novela, fallado en novembro de 1987 (\*), o Xurado concedeu, por maioría, a unha narración da que é autor un betanceiro: XOSE RAMON PENA.

Galicia non é pródiga en novelistas que escriban en galego. A razón haberá que buscala no escaso desenrolo que o noso idioma tivo ata hai pouco tempo e á pouca clientela con que contaba, e aínda conta, este tipo de literatura entre as nosas xentes. Tales condicionamentos non provocaban, non incitaban ós escritores a adicarse á narrativa extensa.

A institución de diversos premios para novelas escritas na nosa lingua descubriunos que entre nós tamén había novelistas, que tiñamos un xerme que, en moi pouco tempo acadou un nivel ben alto, mesmo comparandoo co de outros países de tradición neste tipo de literatura. Non hai máis que ler *ILUSTRISIMA, O TRIANGULO INSCRITO NA CIRCUNFERENCIA, XA VAI O GRIFFON NO VENTO, AS HORAS DE CARTON* e algunhas máis.

A última que chegou ás nosas mans é «*PARA DESPOIS DO ADEUS*».


O feito de que estea escrita por un betanceiro e que a súa acción se desenvolva íntegramente en Betanzos pode que inflúa en nós e que nos predispoña ó seu favor, mais despois de a ler paseniño, de vagar, remoela e, en ocasións, voltar a ler follas e follas, chega un ñ conclusión obxectiva de que está diante dunha boa novela:

A construción tópase nos moldes máis actuais, pero sen que se perciba que o autor o quixo facer así. Da a impresión que todo flúe dunha pluma á que non se lle esgotara a tinta.

O argumento gaña a un dende as primeiras páxinas nas que nos conta dunha avioneta de madeira que non quixo voar.

A linguaxe empregada é directa, nada rebuscada, máis parece falada que escrita... pero hai momentos —quizais demasiado poucos— en que agroma a vea poética que vai «in crescendo» ata que desaparece tras dun «diminuendo» case desapercibido.

As personaxes da novela están perfectamente debuxadas, están vivas e isto podemos-lo dicir porque as coñecemos ou as coñecemos a todas aquelas que o autor pretende agachar ou acazpar tras dun nome



ou apelido ficticios: Aurelio Almeida, Adela, Agueda de María Clara, os irmáns Solla, o Canducho... todos eles teñen nomes propios. En troques, aqueles que se citan por nomes ou alcumes que realmente existiron ou existen no Arrabaldo (Infesta) ou na Vila (Betanzos): Emeterio, Portuxés, Xordo, Joseito la Pampa... non se corresponden coas personaxes da novela.

Os lugares en que transcorre a trama amóstranos o autor de xeito diferente: O Arrabaldo tal como é: a Vila tal como el a ve, coa muralla coroada de torreóns e ameas, a fonte do Campo con sete caños botando auga a cachón, o «versallesco» Café París... en fin, unha Vila encantadora como é a novela. ¡Noraboa!

X.

(\*) PARA DESPOIS DO ADEUS  
Por XOSE RAMON PENA  
Premio «Xerais» de Novela 1987  
EDICIONS XERAIS DE GALICIA

1. PR

H

en am  
domin  
en el t  
de un  
seria,  
mater  
habría  
éxito.  
Veiga  
su pre  
Ciert  
que si  
supon  
brigat  
biblio  
quiere  
dificu  
colect

una de  
hubie  
impor  
como  
como  
Si hub  
del co  
veinti  
divers  
ilustr  
casi to  
cívica

perio  
resalt  
los de  
Codes  
Seoar  
Roma  
Anton  
verdad  
Y erai  
apari

(\*) El tes  
Betanzos  
del profe  
1986.

(\*\*) José A  
Aguilar-

(1) J.A